

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA REITERAR O COMPROMISO CO DÍA ESCOLAR DA NONVIOLENCIA E A PAZ

Mañá, 30 de xaneiro, celébrase en Galicia e noutras partes do Estado o Día Escolar da Nonviolencia e a Paz. Esta data conmemora o asasinato de Mahatma Gandhi, heroico defensor da igualdade e da xustiza, en 1948, o mesmo ano en que Nacións Unidas aprobaba a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, probablemente o tratado internacional máis relevante e influínte do século XX.

Desde hai cando menos tres décadas, neste día celébranse moi diversas actividades, promovidas fundamentalmente polas entidades da sociedade civil, nos centros escolares a favor da convivencia, da resolución pacífica dos conflitos, e da eliminación dos comportamentos que lesionan a vida en común entre as persoas dentro do ámbito educativo, como poden ser o acoso escolar, a discriminación ou segregación, a non integración ou calquera outro comportamento violento.

A educación é un requisito esencial para adquirir cidadanía, entendida como a característica dos membros dunha comunidade que permite a súa convivencia pacífica, que se comporten conforme a uns valores acordados a través dunha ética de mínimos, e que participen activa e publicamente na busca de solucións alternativas ás distintas problemáticas sociais.

Tal e como recolle a ONU na Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz, aprobada pola Asemblea Xeral o 6 de outubro de 1999, “a paz non é só a ausencia de conflitos, senón que tamén require un proceso positivo, dinámico e participativo no cal se promova o diálogo e se solucionen os conflitos nun espírito de entendemento e cooperación mutuos”.

O Día Escolar pola Paz e a Nonviolencia ten servido para impulsar e consolidar o tratamento transversal e específico da educación e da cultura da paz, os xogos cooperativos e as dinámicas de aula, os recursos didácticos relacionados coa educación para a cidadanía e os dereitos humanos, para abordar o ensino e a aprendizaxe dos valores cívicos e democráticos, as virtudes cívicas comúns, a mellora da convivencia escolar, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza.

Por todo isto, des

de as institucións públicas, é o momento de reafirmar a nosa vontade política na procura dun sistema educativo cada vez de mellor calidade, máis xusto e solidario. Aspiramos a que as nenas e nenos de Galicia e da provincia da Coruña en particular convivan plenamente coa diversidade humana, política e cultural, aprendendo a resolver pacífica e intelixentemente os conflitos que, sen dúbida, atoparán ao longo das súas vidas.

Na sesión plenaria do pasado 27 de novembro, esta Corporación provincial acordou unha Declaración Institucional a través da cal se “insta aos concellos a tomaren en conta a próxima celebración de días internacionais relativos ás raíces destes problemas, entre os que destacan o Día Escolar pola Paz e a Non violencia”.

Con ese motivo, a Deputación Provincial da Coruña, na Sesión Plenaria de hoxe e a través desta Declaración Institucional, quere reiterar o seu fondo compromiso co Día Escolar da Nonviolencia e a Paz, animando unha vez máis a todos os concellos da provincia, e comprometéndose a si mesma, a promover a celebración deste día nos centros escolares e nos seus respectivos ámbitos.

Por último, a Deputación Provincial da Coruña reafirma o seu compromiso cos principios fundacionais da ONU e da UNESCO, entre eles o que insta a construír os

baluartes da Paz na mente das mulleres e dos homes, para o cal o sistema educativo é o espazo máis axeitado.